



Acta do tribunal nomeado para a avaliación de méritos no proceso selectivo PEL-CONCELLOS 2024.

Reunidos no Salón de Plenos do Concello de Mazaricos, o día **21/06/2023**, os integrantes do Tribunal que se constitúe co propósito de valorar os méritos presentados polos aspirantes ás prazas de TRES PEÓNS CONDUTORES para a realización de traballos de mantemento e conservación de vías e camiños de titularidade municipal (PEL CONCELLOS 2024):

- *Presidente: Jose Ramón Esperante Otero, técnico de emprego municipal*
- *Secretario: José Bugallo Rey, funcionario municipal*
- *Vogais:*
 - *Elías Pérez Trillo, enxeñeiro técnico agrícola municipal*
 - *Domingo Caamaño Santos, encargado de obras municipal.*
 - *José Manuel Maneiro Pereira, empregado municipal de obras*

O Presidente declara constituído o tribunal e aberto o acto. De acordo ao apartado 10º das Bases que rexen o proceso, a selección dos aspirantes efectuarase polo sistema de concurso oposición cun máximo de 15 puntos.

A fase de oposición consistirá na realización de unha proba práctica co seguinte detalle:

- *Manexo dun tractor con máquina desbrozadora realizando a limpeza dun tramo asignado mediante sorteo de aproximadamente 10 metros lineais co fin de avaliar os coñecementos e a pericia no manexo do citado vehículo. Os aspirantes desprázanse ao núcleo de Lugarnovo para a realización da proba práctica.*
- *A actuación dos aspirantes no exercicio levase a cabo por orde alfabética empezando pola letra "H" conforme á Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 31 de xaneiro de 2024 pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 29 do 9 de febreiro de 2024).*
- *Para asignar a puntuación de cada aspirante atenderase á calidade do traballo realizado, ó tempo investido na súa realización, medido cun cronómetro, e á pericia no manexo da máquina de acordo co establecido na seguinte táboa:*

<i>Calidade do exercicio realizado</i>	<i>Puntuación</i>
<i>Moi axeitado</i>	<i>De 8 a 10 puntos</i>
<i>Bastante ben axeitado</i>	<i>De 5 a 7 puntos</i>
<i>Minimamente axeitado</i>	<i>De 1 a 4 puntos</i>
<i>Nada axeitado</i>	<i>0 puntos</i>

O tribunal explica aos participantes as características da proba que se vai a realizar. Infórmase tamén que disporán dun tempo de 15 minutos por participante co fin de ter un coñecemento individual do manexo do tractor desbrozadora, contando para tal fin coa axuda e asesoramento de operarios da brigada de obras municipal.

De seguido designanse por sorteo os tramos a limpiar por cada un dos aspirantes. Unha vez realizadas as indicacións anteriores e aclaradas as dúbidas dos participantes procédese á realización da proba da que resulta o cadro de valoración seguinte:



Concello de Mazaricos

Nº Orde	Nº Tramo	Participante	Tempo	Calidade	Puntos
1	6	Novo Iglesias José Luis	4' e 30"	Minimamente axeitado	4
2	3	Vilas Trillo Jesús Manuel	2' e 46"	Minimamente axeitado	4
3	2	Antelo París José Carlos	1' 36"	Bastante ben axeitado	6
4	1	Barrul Hernández Miguel	1' e 02"	Moi axeitado	8
5	5	Cives Molinos Jaime	3' e 09"	Minimamente axeitado	4
6	4	Gallardo Sanmartín Jesús Eduardo	3' e 08"	Minimamente axeitado	4

Finalizada a proba práctica os asistentes que non acreditaron a disposición do Celga 1 son convocados para a realización dunha proba oral para acreditar o coñecemento da lingua galega tal e como recolla o apartado b) da Base 10ª. A proba foi realizada no Salón de Plenos do Concello e os resultados da mesma son os seguintes:

Participante	Puntuación * (Apto – Non apto)
Antelo París José Carlos	Apto
Barrul Hernández Miguel	Apto
Cives Molinos Jaime	Apto
Vilas Trillo Jesús Manuel	Apto

Na fase de concurso valóranse primeiro os servizos prestados na mesma categoría ou en categorías similares á praza convocada e nos que se desenvolverán tarefas como condutor de tractor con desbrozadora de brazo ó servizo de calquera das Administracións Públicas así como ó servizo de calquera empresa privada. Para cuantificar a experiencia laboral o tribunal acorda sumar o número de días de cada un dos contratos admitidos, de acordo coa información recollida no informe de vida laboral, dividindo o total entre 30 para obter o número de meses completos. A puntuación total será o resultado de multiplicar o número de meses resultantes por 0,2 puntos, cun máximo de 5 puntos.

Unha vez rematado a valoración da experiencia laboral o tribunal pasa a revisar os méritos alegados por cada un dos candidatos no apartado de formación. De acordo ao apartado 10º das Bases que rexen o proceso de selección valórase ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados e/ou financiados polas Administracións Públicas.

A seguinte táboa recolle o resumo das puntuacións que corresponden a cada candidato:

PRAZA DE PEÓN CONDUCTOR

Nome	Proba práctica	Experiencia laboral	Formación	Puntuación final
Antelo París José Carlos	6	2,8	0,25	9,05
Barrul Hernández Miguel	8	5	0,50	13,50
Cives Molinos Jaime	4	2,6	0,25	6,85
Gallardo Sanmartín Jesús Eduardo	4	3,8	0,75	8,55
Novo Iglesias José Luis	4	0	0	4
Vilas Trillo Jesús Manuel	4	0,8	0,25	5,05

Domingo Casanova



Concello de Mazaricos

Deste xeito, recollidos os datos da proba e respectando o número de prazas ofertadas da convocatoria, os membros do tribunal propón aos seguintes candidatos:

- **BARRUL HERNÁNDEZ MIGUEL**
- **ANTELO PARÍS JOSÉ CARLOS**
- **GALLARDO SANMARTIN JESÚS EDUARDO**

De igual xeito o tribunal elabora unha lista de candidatos de reserva, que son os seguintes:

- **CIVES MOLINOS JAIME**
- **VILAS TRILLO JESÚS MANUEL**
- **NOVO IGLESIAS JOSÉ LUIS**

E non sendo outro o obxectivo desta reunión redáctase a presente acta e danse por finalizadas as tarefas deste tribunal.

En Mazaricos, a 21 de maio de 2024.